

MÚSICA 5º e 6º

Moi boas rapaces e rapazas!! Deixovos uns exercicios de música para que vos entreteñades un pouco aprendendo ó mesmo tempo.

Para enviar os vosos resultados nas actividades estaremos en contacto na seguinte dirección de correo electrónico: musicaencias@gmail.com

Temos unha canle de YouTube propia da asignatura onde vos irei colgando diferentes videos con exercicios, podedes acceder a ela premendo na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/channel/UCGiRuP5NJmuMM44eQS0NoDQ/videos>

Para esta semana propoñovos construír unhas baquetas para poder facer o resto de exercicios. O proceso de elaboración tédelo na nosa canle de YouTube no seguinte video:

https://www.youtube.com/watch?v=_HMrypTo6wQ

Ademais das baquetas é preciso tamén que elaboredes un set de tarxetas rítmicas que veredes en este outro video:

https://www.youtube.com/watch?v=xghgJ_sbemg

Practicade o ritmo que se mostra no video (Ritmo 01) unha vez teñades elaborado todo o material, e logo para avanzar un pouco máis deixovos outro video no que vemos como combinar as tarxetas e un novo ritmo (Ritmo 02) resultante desa combinación:

<https://www.youtube.com/watch?v=NpCfb31CHYA>

Podedes facer tamén as vosas propias combinacións creando os vosos propios ritmos e enviarnos. Irei colgando diferentes exercicios cada semana.

Ademais plantéxovos tamén outra actividade para continuar cos comentarios das audicións que facemos na clase. Na nosa canle de YouTube crearemos unha **LISTA DE REPRODUCCIÓN** para engadir a música que creamos convinte comentar, ou que simplemente queiramos compartir entre nos. Para engadir unha canción tedes que enviarme a ligazón de YouTube á dirección de correo electrónico musicaencias@gmail.com e eu engadireina á lista de reprodución correspondente, unha vez xuntemos varias cancións podedes elaborar un comentario e enviarmo, para iso escribide ó correo electrónico que canción queredes comentar e envíovos unha guía para facer o comentario.

Para acceder á lista de reprodución de 5º

https://www.youtube.com/watch?v=tZ7aYQtIldg&list=PLGbbqEpt9Ki83_dPMjpejrw3NbhKOPbrA

Para acceder á lista de reprodución de 6º

https://www.youtube.com/watch?v=tZ7aYQtIldg&list=PLGbbqEpt9Ki_arkEGmUez-6ApMXPKz5Rr

Agardo que disfrutedes facendo música!! Un saudiño.

Alfonso.